

ANEXO

Apelidos e nome: Vázquez Abeal, Sol María.
 NRP: 3265950068 A2060.
 Subgrupo: A1.
 Código: IC.C06.00.001.15770.001.
 Denominación posto: subdirector/a xeral de comercio.
 Dependencia: Dirección Xeral de Comercio.
 Nivel: 30.
 Localidade: Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 16 de setembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores e directoras de centros integrados de formación profesional, anunciada pola Orde do 23 de xuño de 2009.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras de centros integrados de formación profesional, anunciada pola Orde do 23 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* número 125, do 29 de xuño), de conformidade co establecido no artigo 5 da citada orde,

DISPOÑO:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dos postos de directores e directoras de centros integrados de formación profesional, anunciada pola Orde do 23 de xuño de 2009, unha vez vistos os informes emitidos polos consellos sociais e polos claustros de profesores dos centros integrados, tal e como establece o punto 2º do artigo 5da citada orde.

Segundo.-No uso das atribucións conferidas polo punto 4º do artigo 5 da antedita orde, nomear directores e directoras de centros integrados de formación profesional de Galicia os candidatos relacionados no anexo desta resolución.

Terceiro.-O nomeamento referido no punto anterior terá efectos administrativos e económicos desde o 1 de outubro de 2009 inclusive.

Cuarto.-Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2009.

José Luis Mira Lema
 Director xeral de Educación, Formación Profesional
 e Innovación Educativa

ANEXO

| Código do centro | Centro | Localidade | Apelidos e nome | DNI |
|------------------|-----------------------------|------------------------|-------------------------------|------------|
| 15024513 | CIFP Someso | A Coruña | Rodil Álvarez, Félix | 33801935-P |
| 15022607 | CIFP Ánxel Casal-Monte Alto | A Coruña | Villaverde López, Luis | 32412958-R |
| 15032583 | CIFP de Fene | Fene | Martínez Pego, Ramón | 76411804-P |
| 15006778 | CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro | Ferrol | Rego Maragoto, José Francisco | 32588816-R |
| 15016000 | CIFP Compostela | Santiago de Compostela | Españs Sampedro, Ramiro | 33263339-A |
| 15015767 | CIFP Politécnico | Santiago de Compostela | Leis Blanco, José Manuel | 33200427-L |
| 27020793 | CIFP Porta da Auga | Ribadeo | Dobaño Torrón, María Beatriz | 33326996-L |
| 32015050 | CIFP A Farixa | Ourense | Reza Pérez, José Miguel | 34576851-P |
| 36007552 | CIFP A Granxa | Ponteareas | Saco Dafonte, Josefa | 34937432-H |
| 36020064 | CIFP Carlos Oroza | Pontevedra | López Valcarre, Primitivo | 71494923-K |
| 36014568 | CIFP Valentín Paz Andrade | Vigo | González Iglesias, Josefa | 34942908-C |

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN SEGUNDA)

Edicto (4323/2009).

Por este edicto faise saber que, en providencia ditada no día da data pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, se acordou admitir a trámite o recurso interposto por Sonia María Gómez-Portales González, en nome e representación de María del Mar Rodríguez Abad no seu propio nome e dereito e en beneficio da sociedade de gananciais co seu esposo Manuel Novas Conde e *Quinta Canaima, S.A.*, contra Resolución do 11 de marzo de 2009 sobre aprobación definitiva do PXOM de Oleiros, ditada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes (DOG do 17 de abril), aclarada pola corrección de erros do DOG do 28 de abril.

Número procedemento ordinario 4323/2009.

A publicación deste anuncio serviralles de empraemento ás persoas que, non o tendo sido persoalmente, teñan un dereito ou interese lexítimo no citado recurso, que poderán comparecer en legal forma no prazo de nove días. Se o fixeren con posterioridade, teranse por parte para os trámites non precluídos.

A Coruña, trinta e un de xullo de dous mil nove.

Inmaculada Pérez Arrojo
 Secretaria xudicial